

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 17 DE NOVEMBRO DE 2015.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **DOCE HORAS e VINTE** do día **DAZASETE de NOVEMBRO de DOUS MIL QUINCE**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde **MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia do tenente de Alcalde **KLAUS BREY MONTAÑA** e os concelleiros **ANA LUISA GONZALEZ COSTA, JESUS TABOADA LAZARA e MARIA JOSE FERNANDEZ RODRIGUEZ**. Asiste igualmente a concelleira **PILAR PEÓN IGLESIAS**.

Secretario da Corporación: **MANUEL QUINTÁNS QUEIRUGA**, que da fe.

Aberta a sesión se adoptan os acordos seguintes:

1º.- Acta da sesión anterior.

Queda aprobada a Acta da sesión do 3 de Novembro de 2015.

2º.- ACORDO DE EXCLUSION DA FACTURACION ELECTRONICA AS FACTURAS POR IMPORTE INFERIOR A 5.000 €.

VISTO que o art. 4 da Lei 25/2013 establece a obriga do uso da factura electrónica a tódolos provedores de bens e servizos as Administracións Públicas, establecendo a excepción de que se poderá excluír desta obriga as que sexan inferiores a 5.000 €.

TENDO EN CONTA o informe do Secretario e Tesoureiro sobre a procedencia da adoptar esta fórmula por razóns de axilidade e eficacia administrativa, especialmente para facturas de menor cuantía,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

RESOLVE

- **EXCLUIR** da obriga do uso da factura electrónica a tódolos provedores de bens e servizos ó Concello que sexan inferiores a 5.000 €.

2.- CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE APOIO Á ÁREA DE CULTURA MUNICIPAL, EN REXIME DE CONTRATO MERCANTIL DE PRESTACION DE SERVICIOS.

Antecedentes

VISTO que Isabel Sobrado García está desenvolvendo un programa de prácticas ao abeiro do Convenio de colaboración asinado polo Concello de Silleda coa institución Fundación Empresa-Universidad Gallega, FEUGA, en data 15 de Maio de 2014 para realizar un Programa de Formación no Mosteiro de Carboeiro, rematando esa relación contractual o vindeiro 13 de Novembro de 2015.

VISTO que está en axenda un "Plan de Dinamización Turística do Concello" así coma un Proxecto específico para potenciar turisticamente o entorno do Mosteiro, para o que é imprescindible contar con persoal cualificado que sexa gran coñecedor das actividades que desde a base se celebran no cenobio.

VISTO que Isabel Sobrado García desenvolveu unha tarefa que recibe as máis amplas noraboas de todos cantos visitantes pasaron polo Mosteiro, dos responsables municipais e en concreto Alfredo Abeledo Penas, na súa calidade de titor e Técnico Municipal adscrito ao Dpto. de Turismo do Concello de Silleda. Como mostra comprove apuntar que durante esta etapa en Carboeiro, marcáronse as cifras máis altas de visitas de tódolos tempos.(máis de 20.000 rexistradas, desde xaneiro a outubro de 2015)

CONSIDERANDO en concreto que quedan actividades para programar co obxecto de mellorar o nivel de satisfacción do turista e peregrino, como a posta en marcha dun novo Plan de Atención ao Visitante que incida nos obxectivos principais de Información, promoción e comercialización turísticas:

- Mellora da xestión administrativa
- Nova distribución de dependencias.
- Modificación das taxas e programas de visitas guiadas.
- Desenvolvemento dun proxecto de Autoguía (planos, sinalización, textos).
- Elaboración de paquetes turísticos e busca de incremento de visitas.

TENDO EN CONTA o informe do Secretario que se sintetiza en que tódolos postos de traballo municipais esixen a creación da praza con dotación orzamentaria, así como que é imperativo a realización dun proceso selectivo, que non se producen neste caso, indicando que tan só de xeito moi excepcional e en función das especiais circunstancias concorrentes antes sinaladas e por motivos de interese público, en aras de salvagardar o funcionamento do servizo do mosteiro, só se pode manter esta situación, de xeito transitorio, mediante a contratación do servizo en réxime mercantil, recomendando a realización dos trámites pertinentes para crear a praza en plantilla e regularizar a situación,

Por unanimidade, **SE ACORDA:**

- **CONTRATAR** a prestación do servizo de apoio á área de Cultura Municipal con Isabel Sobrado Garcia, de acordo coas seguintes :

Estipulacións

1 .- A relación contractual será de carácter mercantil en réxime de prestación de servizos, polo período que dure a realización do Plan de Dinamización que se estima en SEIS MESES, o cal non xerará dereito algún, una vez rematado, co Concello, e sen que o contratado poida considerar ese tempo como mérito para acceder a calquera hipotético posto de traballo en SILLEDA.

2 .- A retribución económica establécese en **648,60 €** mensuais brutos, sen pagas extras, e sen dereito a cotización a Seguridade Social, que será de conta da contratada, que deberá emitir a pertinente factura polos días de traballo, con cargo a partida de servizos varios.

3.- Dada a natureza contractual, este se rescindirán en calquera momento, a vontade de cada unha das partes, aínda que se prevé a duración antes sinalada, de desenvolvemento do Programa de Dinamización.

5º .- PLAN DE AXUDA MUNICIPAL A EMPRENDEDORES.

5.1. TANA CUIÑA GOMEZ, DNI XXXX, para a apertura dun Estudo de Fotografía en Rúa Trasedza, nº . PLAN DE AXUDA MUNICIPAL A EMPRENDEDORES.

VISTAS as Bases Reguladoras de Plan Municipal de Axuda a Emprendedores, aprobado no Pleno de 24 de Setembro, e a proposta da concelleira Ana Luisa Gonzalez Costa de recoñecer unha axuda consistente no 50 % dos gastos de instalación, unha vez comprobada a documentación acreditativa dos mesmos, a favor de TANA CUIÑA GOMEZ, DNIXXXX, para a apertura dun Estudo de Fotografía en Rúa Trasedza

VISTO que o gasto xustificado documentalmente ascende a 3.446,22 €, e tendo en conta o disposto nas Bases Reguladoras, que dispoñen un 50 % de axuda cun límite máximo de 2.000 €,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

RESOLVE

1. **CONCEDER** a TANA CUIÑA GOMEZ, unha subvención de **1.723,11 €** para a apertura dun Estudo de Fotografía en Rúa Trasedza, coa abriga de cumprir con tódalas esixencias das Bases, incluíndo a instalación dun cartel identificativo desta subvención.

5.2 .- ROSA FERNANDEZ MIGUEZ, con DNI XXXXX, para a apertura dun Comercio de Artigos de Regalo e Xoiería, en Rúa Xeral nº 14, A BANDEIRA-SILLEDA. PLAN DE AXUDA MUNICIPAL A EMPREENDEDORES.

VISTAS as Bases Reguladoras de Plan Municipal de Axuda a Emprendedores, aprobado no Pleno de 24 de Setembro, e a proposta da concelleira Ana Luisa Gonzalez Costa de recoñecer unha axuda consistente no 50 % dos gastos de instalación (8.320,19 €), unha vez comprobada a documentación acreditativa dos mesmos, a favor de ROSA FERNANDEZ MIGUEZ, DNI XXXXX, para a apertura dun Comercio de Artigos de Regalo e Xoiería, en Rúa Xeral nº 14, A BANDEIRA-SILLEDA..

VISTO que o gasto xustificado documentalmente ascende a 8.320,19 €, e tendo en conta o disposto nas Bases Reguladoras, que dispoñen un 50 % de axuda cun límite máximo de 2.000 €,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

RESOLVE

1. CONCEDER a ROSA FERNANDEZ MIGUEZ, para a apertura dun Comercio de Artigos de Regalo e Xoiería, en Rúa Xeral nº 14, A BANDEIRA-SILLEDA, unha subvención de **2.000 €**, coa obriga de cumprir con tódalas esixencias das Bases, incluíndo a instalación dun cartel identificativo desta subvención.

5.3 .- M^o INMACULADA CAO GULIAS, con DNIXXXX, para a apertura dunha Comercio de Tenda de Roupas, en Rúa Progreso nº 46, SILLEDA a nome da sociedade EMECE SISTERS S.C. PLAN DE AXUDA MUNICIPAL A EMPREENDEDORES.

VISTAS as Bases Reguladoras de Plan Municipal de Axuda a Emprendedores, aprobado no Pleno de 24 de Setembro, e a proposta da concelleira Ana Luisa Gonzalez Costa de recoñecer unha axuda consistente no 50 % dos gastos de instalación (101.714 €), unha vez comprobada a documentación acreditativa dos mesmos, a favor de **M^o INMACULADA CAO GULIAS**, con DNI XXXXX para a apertura dunha Comercio de Tenda de Roupas, en Rúa Progreso nº 46

VISTO que o gasto xustificado documentalmente ascende a 101.714 €, e tendo en conta o disposto nas Bases Reguladoras, que dispoñen un 50 % de axuda cun límite máximo de 2.000 €,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

RESOLVE

1. **CONCEDER** a **M^a INMACULADA CAO GULIAS**, unha subvención de **2.000 €**, para a apertura dunha Comercio de Tenda de Roupa, en Rúa Progreso nº 46, a nome da sociedade EMECE SISTERS S.C.

6.- EXPEDIENTE de RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. M.L.G.A. DANOS NO TELLADO POR IMPACTOS DE BALONS PROCEDENTES DO CAMO DE FUTBOL MUNICIPAL. Data reclamación 15 Xaneiro 2013.

ANTECEDENTES: Na Xunta de Goberno Local celebrada o día vinte e sete (27) de Xaneiro de 2015, adoptouse o acordo seguinte:

M.L.G.A., en data 15 Xaneiro de 2013, interpón unha reclamación por responsabilidade patrimonial baseada na existencia de numerosos danos na cuberta e canalóns da súa vivenda ocasionados polos impactos de balóns procedentes do Campo de Fútbol Municipal, que lle ocasionaron unhas reparacións que valora en 664,32 €. O expediente foi remitido a Aseguradora MAPFRE, que estima non lle corresponde por non superar a franquicia e, ademais, porque o expediente estaría prescrito.

VISTA a lexislación aplicable que se sintetiza, e segundo informa o secretario, en canto o artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, declara que as Entidades Locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados aos particulares nos seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa. Correspóndese este precepto co artigo 106 da Constitución Española e co 139 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Por tanto, para o nacemento de responsabilidade patrimonial dunha administración pública, e neste caso do Concello, é preciso a concorrencia dos requisitos esixidos polos artigos 106 da Constitución e 139 da Lei 30/1992 que establece que para haber lugar a declarar esa responsabilidade é necesario que se acredite e probe polo que a pretende:

a) a existencia do dano e prexuízo causado economicamente avaliable e individualizado;

b) que o dano ou lesión sufrido polo reclamante é consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos en relación directa, inmediata e exclusiva de causa a efecto sen intervención estraña que puidese interferir alterando ao nexo causal;

c) ausencia de forza maior

d) que a reclamación se presente dentro do ano a contar desde a data do feito que a motiva.

CONSIDERANDO o caso concreto podemos determinar que se dan os requisitos de existencia do dano, e a presentación da reclamación faise o 15 de Xaneiro do 2013 e se recoñece

expresamente que a factura dos danos é de 30/06/2012 – aínda que serían de data anterior os mesmos- finalizando o prazo legal, con esa precisión antes do 30 de Xuño do 2013, admitindo, non obstante, que se cumpre. Queda por determinar se o dano ou lesión sufrido polo reclamante é consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos en relación directa, inmediata e exclusiva de causa a efecto, sen intervención estraña que puidese interferir alterando o nexo causal, e por tanto sexa imputable á Administración. Neste caso, a falta de protección suficiente do Campo de Fútbol, se considera o nexo causal que da lugar a que os balóns impacten contra o tellado do reclamante, polo que procede admitir a súa reclamación.

Por unanimidade, SE ACORDA:

- **ESTIMAR** a reclamación de **M.L. G.A.**, de data 15 Xaneiro de 2013, por responsabilidade patrimonial baseada na existencia de varios danos na cuberta e canalóns da súa vivenda ocasionados polos impactos de balóns procedentes do Campo de Fútbol Municipal, que lle ocasionaron unhas reparacións que valora en **664,32 €**.
- Dar traslado a Aseguradora da responsabilidade civil municipal MAPFRE, aos efectos legais oportunos.

Silleda, a 28 de Outubro de 2015. O SECRETARIO. Asdo. Manuel Quintáns Queiruga

VISTO que o Sr. M.L.G.A. reclamou que a cantidade total era de 2.556,75 €, xa que se produciron 3 sinistros en datas distintas,

O Sr. Secretario fai constar que corresponde asumir o gasto a Aseguradora, coa que ten subscrito contrato para a asunción da responsabilidade civil municipal, debendo entenderse que se trata dun suceso continuado, cun único nexo causal –os balóns procedentes do campo de fútbol- e non de 3 sinistros diferenciados, polo que non debe entenderse que exista un suposto de limite de franquicia no seguro contratado,

Por unanimidade, **SE ACORDA**:

- **ESTIMAR** a reclamación de **M.L.G.A.**, de data 15 Xaneiro de 2013, por responsabilidade patrimonial baseada na existencia de varios danos na cuberta e canalóns da súa vivenda ocasionados polos impactos de balóns procedentes do Campo de Fútbol Municipal, que lle ocasionaron unhas reparacións que valora en **2.556,75 €**.

7º.- URBANISMO. LICENZAS

7.1.- Actividade e instalacións de nave para centro de distribución de sementes na parcela 5 da mazá 2 do Parque Empresarial Área 33 de Silleda (nomenclatura da m.p.p.p. aprobada definitivamente o 7 de marzo de 2002)

Vista a solicitude de licenza, presentada por C.A.C., en representación de ROCALBA S.A, Rexistro de Entrada nº 2302 de data 18 de maio de 2015, para Actividade e instalacións de nave para centro de distribución de sementes na parcela 5 da mazá 2

do Parque Empresarial Área 33 de Silleda (nomenclatura da m.p.p.p. aprobada definitivamente o 7 de marzo de 2002).

Visto o informe emitido o 3 de novembro de 2015 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

Solicitante: C.A.C., en representación de ROCALBA S.A.

Data de rexistro: 18.MAI.2009 Nº: 2302 Data escrito: 18.MAI.2009

Solicitud: Actividade e instalacións de nave para centro de distribución de sementes

Tipo de Solicitud: Actividade

Emprazamento: Parcela 5 da mazá 2 do Parque Empresarial Área 33 de Silleda (nomenclatura da m.p. PP aprobada definitivamente o 7 de marzo de 2002)

Referencia catastral: 36052A049005050001LM

Autor do Proxecto: José Luis Pérez Donsión, enxeñeiro industrial col. 573

Proxecto: De Actividade Visado polo Colexio Oficial 14.MAI.2009, nº 254/2009

Dirección de Obra: José Luis Pérez Donsión, enxeñeiro industrial col. 573

Oficio de Dirección: Visado polo Colexio Oficial

Dirección de Execución: n/d

Oficio Direc. Execución:

Exposición pública: BOP: 16.FEB.2010 DOGA: 02.MAR.2010 Prensa

Orzamento (P.E.M.): 2.111,58 € P.E.M. segundo Mbc ano 2010:

ANTECEDENTES:

1. Amósanse para a redacción de informe técnico a solicitude de licenza asinada por Carlos Aller Codesido, en representación de ROCALBA S.A., presentada con R.E. 2302 de 18.MAI.2009. Aporta de proxecto técnico asinado por José Luis Pérez Donsión, enxeñeiro industrial col. 573. Xunto có expediente consta ditame de incidencia ambiental ao abeiro do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, emitido polo Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas; asinado o 11 de agosto de 2015, con rexistro de saída 93646/RX1092959 de 14/08/2015, e con rexistro de entrada no Concello de Silleda 3859 de 19.AGO.2015.

2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 17.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.

3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 195.2 LOUGA:

INFORME TÉCNICO:

4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición

Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como Solo Urbano, ordenanza Industria e Almacén, I.A.

5. A edificación na que se pretende a nova actividade conta con licenza municipal de obra concedida en xunta de goberno local do día 27 de decembro de 2007. Non se me amosa documentación relativa á licenza definitiva. A licenza concedida era para nave industrial sen uso específico.

6. Consonte ao Plan Parcial vixente, esta actividade é compatible no ámbito definido con esta ordenanza, no uso definido no parágrafo 3.5.4 usos autorizados:

3.5.4 USOS AUTORIZADOS

En general se entenden autorizados el conjunto de operaciones que se ejecutan para la obtención y transformación de materias primas, su envasado, almacenaje, distribución, y reparación, así como la artesanía.

Así mismo albergará actividades industriales que por su envergadura y efectos producidos necesitan localizarse en áreas cuyo uso principal sea el industrial

(...)

INDUSTRIA DE LA ALIMENTACIÓN

Tahonas, hornos de confitería, bollería, galletas, etc., preparación, refino y cortado de azúcar; torrefacción de granos, café, cebada, achicoria, cacao, incluso molido y envase de estos productos vegetales y animales, y vaquerías y cabrerías; preparación y envasado de leche y productos lácteos; preparación de conservas a base de carne y pescado; productos alimenticios a base de residuos de matadero, preparación y envase de bebidas, fábricas de hielos, heladerías e instalaciones frigoríficas de conservación; fabricas de cerveza y harinas, etc.

INDUSTRIAS VARIAS

Siempre que la normativa específica vigente y la Corporación Municipal, así lo autorice o considere oportuno.

6.1 O uso solicitado podería encadrar dentro da categoría “Industria de la alimentación”, autorizable neste ámbito.

7. O uso que se pretende, segundo se desprende na memoria, é o seguinte:

“Centro de distribución de sementes.”

8. Canto á tramitación ambiental, segundo a disposición transitoria primeira da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, esta solicitude deberá tramitarse consonte ao Decreto 133/2008, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental. Enviada consulta ao Servizo de Avaliación Ambiental da Consellería de M.A.T.I. a fin de que se pronunciase sobre a necesidade ou non do procedemento de Avaliación Ambiental (R.S. 2441 de 06.NOV.2009), esta informa que a instalación ten a necesidade do sometemento ao procedemento de Avaliación Ambiental (R.S. 182706 de 14.DEC.2009 e R.E. 6168 de 23.DEC.2009).

9. O expediente foi sometido a exposición pública, previa notificación individualizada a propietarios de dereitos próximos á actividade e anuncios en DOG (02.MAR.2010) e BOP (16.FEB.2010). Neste sentido, consta no expediente certificación da secretaria xeral do concello do día 14 de abril de 2010, relativo á exposición pública, anuncios efectuados e a que non foron presentadas alegacións.

10. O proxecto presentado xustifica o cumprimento da normativa vixente en materia de Accesibilidade de Galicia, segundo se recolle no anexo 5 da memoria e na documentación gráfica do proxecto.

11. O proxecto presentado xustifica o cumprimento do establecido no Real Decreto 2267/ 2004, de 3 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de seguridade contra incendios nos

establecementos industriais, segundo se xustifica no anexo 3 da memoria e na documentación gráfica do proxecto.

12. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica.

13. Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, precísase os seguintes:

13.1 Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a fin de que se proceda a emitir informe de Avaliación de Incidencia Ambiental. Xunto có expediente consta ditame de incidencia ambiental ao abeiro do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, emitido polo Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas; asinado o 11 de agosto de 2015, con rexistro de saída 93646/ RX1092959 de 14/08/2015, e con rexistro de entrada no Concello de Silleda 3859 de 19.AGO.2015.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude, e proponse para a concesión de licenza municipal de obra, con arreglo ás limitacións que establezan os informes sectoriais sinalados no punto 13 deste informe técnico.

O que se informa desde o punto de vista técnico ao leal saber e entender do arquitecto que subscribe, sen prexuízo doutro criterio mellor fundamentado, en Silleda, a 5 de outubro de 2015

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes,

ACORDA

- **CONCEDER licenza de obras** a C.A.C., en representación de ROCALBA S.A, para a actividade e instalacións de nave para centro de distribución de sementes na parcela 5 da mazá 2 do Parque Empresarial Área 33 de Silleda, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, e previo pago do ICIO e taxas municipais.

7.2.- Consolidación estrutural de vivenda unifamiliar en Consolidación estrutural de vivenda unifamiliar na rúa Antón Alonso Ríos, nº 4, Silleda.

Vista a solicitude de licenza, presentada por A.D.F, Rexistro de Entrada nº 5585 de data 8 de outubro de 2015, para Consolidación estrutural de vivenda unifamiliar en Consolidación estrutural de vivenda unifamiliar na rúa Antón Alonso Ríos, nº 4, Silleda.

Visto o informe emitido o 6 de novembro de 2015 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

..., ...

ANTECEDENTES:

1. Amósaseme para a redacción de informe técnico a solicitude de licenza asinada por A.D.F., presentada con R.E. 5585 de 08.OUT.2015. Aporta de proxecto técnico asinado por María José García Fidalgo, Arquitecta col. 4.357 e xustificante de pago de taxas municipais.
2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 16.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.
3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 195.2 LOUGA:

INFORME TÉCNICO:

4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como Solo Urbano, ordenanza Edificación Cerrada, E.. Canto ao planeamento aprobado inicialmente, e que se relaciona no punto 16.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a , está clasificado como solo urbano, Ordenanza 2. En aplicación do réxime de suspensión de licenzas, a xuízo deste arquitecto, esta actuación está sometida á suspensión, posto que as determinacións do novo PXOM supoñen modificación da ordenación urbanística vixente2.
5. Segundo a oficina virtual do Catastro, trátase dunha vivenda sen división horizontal, por tanto, considérase que se está en situación legal de fóra de ordenación parcial, posto que é incompatible esta tipoloxía edificatoria có planeamento urbanístico vixente, que establece vivenda colectiva neste ámbito (artigo 18, 1 Usos Admitidos- Residencial o de Vivienda.- Vivienda agrupada en edificios contiguos. (...)) e, por tanto, está sometida ao réxime do artigo 103 da LOUGA.

Artigo 103. Edificios fóra de ordenación.

1. Os edificios e instalacións erixidos con anterioridade á aprobación definitiva do planeamento urbanístico que resultasen desconformes con este quedarán sometidos ó réxime de fóra de ordenación.
2. Nas construcións e edificacións que queden en situación de fóra de ordenación por total incompatibilidade coas determinacións do novo planeamento só se poderán autorizar obras de mera conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente. Agás que no planeamento se dispoña xustificadamente o contrario, en ningún caso se entenderán incluídas na situación prevista nesta alínea as edificacións ou instalacións en solo rústico que obtivesen legalmente a preceptiva licenza urbanística e que se executasen de conformidade con esta.
3. Nas construcións só parcialmente incompatibles co novo planeamento poderanse autorizarse, así mesmo, obras parciais e circunstanciais de consolidación, así como as de mellora, reforma e, en casos xustificadas, de ampliación da superficie construída que se determinen no plan xeral respectivo.
6. 4. O concello comunicaralle ó rexistro da propiedade, para efectos da súa constancia, as limitacións e condicións especiais na concesión de licenzas en edificacións fóra de ordenación.

6.1 Este arquitecto entende que a situación de fóra de ordenación á que está sometida o edificio permite obras de consolidación e reforma, como as actuacións que nos ocupan, e sería autorizable por licenza municipal directa, salvo mellor criterio dos servizos xurídicos do Concello.

7. A parcela conta con acceso rodado e tódolos servizos urbanos, por tanto, cumpre coa condición de soar que establece o art. 16 LOUGA.

8. O proxecto presentado non contradí os parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito.

Parámetro	Esixido Plan Xeral/ LOUGA	Plan Xeral 2012	Cumpre
Superficie mínima de parcela			Rehabilitación
Altura de cornixa			Rehabilitación
Ocupación máxima			Rehabilitación
Superficie ocupada en planta			Rehabilitación
Número máximo de plantas			Rehabilitación
Recuamento a lindeiros			Rehabilitación
Separación a vía pública			Rehabilitación
Acceso rodado			Rehabilitación

9. Ao tratarse simplemente de consolidación estrutural, considérase que é de aplicación cumprimento da normativa vixente en materia de Accesibilidade de Galicia, segundo se recolle na memoria e na documentación gráfica do proxecto, o Documento Básico Seguridade en caso de Incendios, DB-SI, o cumprimento ao establecido no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia, nin a certificación de eficiencia enerxética. Documentos que, porén, deberán ser aportados no seu momento cando se acometan as obras precisas de rehabilitación da vivenda propiamente dita.

10. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase inadecuado, o orzamento que figura na memoria técnica. Aplicando os módulos básicos do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia do ano 2010, de 520,00 €/m², para un coeficiente de tipo edificatorio, ct, e un coeficiente de tipo de uso cu, multiplicado por 0,9 como corresponde ao Concello de Silleda, obtéñense os valores que se indican a continuación:

Cálculo de presuposto de execución material

nº	Sup €/m ²	Tipo de obra	Ct	Tipo de uso	Cu	Cg
Soto		Tipo edificatorio		Usos da edificación		0,9
Planta baixa	1 86,50	520 Reformas de elementos estruturais	0,5	Vivenda.	1,1	0,9 22.265,10 €
Planta primeira	1 86,50	520 Reformas de elementos estruturais	0,5	Vivenda.	1,1	0,9 22.265,10 €
TOTAL	173,00	m2				PEM: 44.530,20 €

11. Instalación de guindastres- torre. Para a solicitude de autorización de instalación de guindastres- torre e similares, deberase aportar a seguinte documentación:

11.1 Memoria descriptiva da instalación e planos de situación e emprazamento acoutados a escala suficiente para comprobar a situación real dos elementos da instalación e o estado da vía pública. Inclúirase informe das condicións portantes do terreo baixo a grúa asinado polo técnico director da obra.

11.2 Xustificante da existencia de seguro de responsabilidade civil por parte da empresa instaladora que cubra o risco correspondente (fotocopia póliza de risco).

11.3 Certificado de homologación (ou no seu caso fabricación) ou inspección técnica do guindastre.

11.4 Certificados de montaxe do guindastre que se pronuncie sobre, polo menos, estes aspectos:

11.4.1 Datos da obra e instalación: situación (rúa/ lugar, número e poboación e referencia catastral da parcela), propietario do guindastre, (nome, DNI/NIF e nome e DNI do Xefe de Obra).

11.4.2 Característica do guindastre- torre: marca, tipo, ano de fabricación e número de fabricación.

11.4.3 Certificación do director dos traballos de montaxe e instalación, de que o guindastre- torre cumpre coas disposicións legais vixentes que lle son de aplicación.

11.4.4 Certificado do director dos traballos de montaxe e instalación do correcto funcionamento do guindastre e dos seus dispositivos de seguridade.

12. Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, non se observa, salvo erro ou omisión involuntarios, a necesidade de solicitar informes sectoriais ou autorización autonómica ao abeiro do establecido no artigo 41 da mesma para esta solicitude.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se **INFORMA FAVORABLEMENTE** a solicitude, e proponse para a concesión de licenza municipal de obra, con arreglo ás limitacións establecidas neste informe técnico.

Porén, non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras.

O que se informa desde o punto de vista técnico ao leal saber e entender do arquitecto que subscribe, sen prexuízo doutro criterio mellor fundamentado, en Silleda, a 6 de novembro de 2015

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes,

ACORDA:

- **CONCEDER licenza de obras** a A.D.F., para Consolidación estrutural de vivenda unifamiliar na rúa Antón Alonso Ríos, nº 4, Silleda, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, e previo pago do ICIO e taxas municipais.

7.3.- Rehabilitación de vivenda unifamiliar no lugar de Trasfontao, Silleda

Vista a solicitude de licenza, presentada por P.S.C., en representación de INDEPENDENCIA 2 S.A., Rexistro de Entrada nº 1737 de data 23 de abril de 2015, para Rehabilitación de vivenda unifamiliar no lugar de Trasfontao, Silleda.

Visto o informe emitido o 5 de xuño de 2015 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

Solicitante: P.S.C., en representación de INDEPENDENCIA 2 S.A.

Data de rexistro: 23.ABR.2015 Nº: 1737 Data escrito: 23.ABR.2015

Solicitude: Paulino Sánchez Chao, en representación de INDEPENDENCIA 2 S.A.

Tipo de Solicitude: Obra Maior

Emprazamento: Lugar de Trasfontao, Silleda

Referencia catastral: 36052A04900329 Superficie Catastro: 2.007 m²

Autor do Proxecto: Paulino Sánchez Cao, arquitecto Colexiado nº 2143

Proxecto: Básico. Sen visar (Real Decreto 1000/2010, sobre visado colegial obligatorio)

Dirección de Obra: n/d

Dirección de Execución: n/d

Exposición pública: BOP DOGA Prensa

Orzamento (P.E.M.): 169.997,81 € P.E.M. segundo Mbc ano 2010: Orzamento Mbc €

NORMATIVA DE APLICACIÓN:,....

ANTECEDENTES:

1. O día 19 de maio de 2015 amósanse para a redacción de informe técnico a solicitude de licenza asinada por Paulino Sánchez Chao, en representación de INDEPENDENCIA 2 S.A., presentada con R.E. 1737 de 23.ABR.2015. Aporta 3 copias de proxecto técnico asinado por Paulino Sánchez Chao, arquitecto Colexiado nº 2143.

2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 16.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.

3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 195.2 LOUGA:

INFORME TÉCNICO:

4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como Solo rústico. Canto ao planeamento aprobado inicialmente, e que se relaciona no punto 16.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a , está clasificado como solo de núcleo rural histórico- tradicional. A edificación atópase próxima ao Camiño de Santiago Vía da Prata e dentro dos elementos catalogados polo PXOM aprobado inicialmente, que se relacionan a continuación e dos que se inclúe copia da ficha como anexo a este informe:

Ficha	Elemento	Nivel de protección
30.02	Capela do Pazo de Trasfontao	Integral
30.03	Pazo de Trasfontao	Integral
30.48	Hórreo do Pazo de Trasfontao	Integral

5. Solicítase a rehabilitación dunha edificación tradicional situada en solo rústico no planeamento vixente. Segundo a normativa urbanística vixente e o artigo 40 da LOUGA, será necesaria a autorización autonómica, tramitada ao abeiro do artigo 41 da LOUGA, previa á concesión de licenza municipal.

6. O proxecto presentado non contradi os parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito.

Parámetro	Proxectado	Esixido Plan Xeral/ LOUGA	Plan Xeral 2012	Cumpre
Superficie mínima de parcela	2007	3000	3000	Rehabilitación
Altura de cornixa	5,77	7,00 m	7,00	Rehabilitación
Ocupación máxima		20 %	20 %	Rehabilitación
Superficie ocupada en planta				Rehabilitación
Número máximo de plantas	B+1	B+1	B+1	Rehabilitación
Recuamento a lindeiros	0	5 m	5 m	Rehabilitación
Separación a vía pública	0	4 m	4 m	Rehabilitación
Acceso rodado	Si	Si	Si	Rehabilitación

7. O proxecto presentado xustifica o cumprimento da normativa vixente en materia de Accesibilidade de Galicia, segundo se recolle na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

8. O proxecto presentado xustifica o cumprimento do establecido no Documento Básico Seguridade en caso de Incendios, DB-SI, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

9. O proxecto presentado xustifica o cumprimento ao establecido no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.

10. Non consta na documentación a certificación de eficiencia enerxética debidamente rexistrada (R.D. 253/2013, artigos 5, 8 e concordantes do D. 42/2009 e concordantes). O certificado de eficiencia enerxética do edificio rematado, debidamente rexistrado, deberá formar parte do proxecto de execución e será obrigatoriamente anexado á documentación necesaria para a solicitude de licenza de primeira ocupación.

11. O proxecto presentado non xustifica o tratamento de augas residuais, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

12. O proxecto presentado non xustifica o abastecemento de auga, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

13. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica.

14. Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, propónse dar traslado, previos os trámites pertinentes, dunha copia do expediente completo aos seguintes Organismos, a fin de que emitan informe previo á concesión de licenza municipal:

14.1 Secretaría Xeral da Dirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural, a fin de que se emita informe previo á concesión de licenza municipal de obra, que se pretende executar nas proximidades da Vía da Prata.

14.2 Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a fin de que se proceda a emitir autorización autonómica, se procede.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se **INFORMA FAVORABLEMENTE** a solicitude, e propónse para a concesión de licenza municipal de obra e provisional de actividade, con arreglo ás limitacións que establezan os informes sectoriais sinalados no punto 14 deste informe técnico.

O que se informa desde o punto de vista técnico ao leal saber e entender do arquitecto que subscribe, sen prexuízo doutro criterio mellor fundamentado, en Silleda, a 5 de xuño de 2015.

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes,

ACORDA:

- **INFORMAR FAVORABLEMENTE** a solicitude de licenza, presentada por P.S.C., en representación de INDEPENDENCIA, para A Rehabilitación de vivenda unifamiliar no lugar de Trasfontao, Silleda, previa a liquidación do ICIO e taxas municipais.

7.4 .- Instalación de ventanas e remate de acabados interiores dunha vivenda unifamiliar existente no lugar de Paradela nº 34, Martixe.

Vista a solicitude de licenza, presentada por J.C.L.S., Rexistro de Entrada nº 3279 de data 15 de xullo de 2015, para Instalación de ventanas e remate de acabados interiores dunha vivenda unifamiliar existente no lugar de Paradela nº 34, Martixe.

Visto o informe emitido o 25 de agosto de 2015 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

Solicitante: J.C.L.S.

Data de rexistro: 15.XUL.2015
15.XUL.2015

Nº: 3279

Data

escrito:

Solicitud: *Instalación de ventanas e remate de acabados interiores dunha vivenda unifamiliar existente*

Tipo de Solicitud: *Obra Maior*

Emprazamento: *Paradela nº 34, Martixe*

Referencia catastral: *36052J50106002*

Superficie Catastro: *1.760 m²*

Autor do Proxecto: *Martín Pereiras Corzón, arquitecto Colexiado 4.236*

Proxecto: *Execución. Visado polo Colexio Oficial 14/07/2015, nº 1504543,1*

Dirección de Obra: *Martín Pereiras Corzón, arquitecto Colexiado 4.236*

Dirección de Execución: *n/d*

Exposición pública: *BOP DOGA Prensa: Si*

Orzamento (P.E.M.): *13.116,20 € P.E.M. segundo Mbc ano 2010: €*

NORMATIVA DE APLICACIÓN: *..., ...*

ANTECEDENTES:

1. Amósaseme para a redacción de informe técnico a solicitude de licenza asinada por Juan Carlos Lorenzo Suengas, presentada con R.E. 3279 de 15.XUL.2015. Aporta de proxecto técnico asinado por Martín Pereiras Corzón, arquitecto Colexiado 4.236.

2. Xunto coa solicitude apórtase expediente de reposición da legalidade sobre esta edificación, instada por un particular mediante escrito con rexistro de entrada 1403 de 06.ABR.2015, no que figura informe da Policía Local nº 162/15, de 12 de xuño de 2015, asinado polos axentes TIP 265003 e TIP 265007, no que se manifesta que o promotor non conta con licenza e que nos próximos días o arquitecto encargado da obra pasaría polo Concello para solicitala. Consta no expediente outro escrito da denunciante, con rexistro de entrada nº 3874 de 19.AGO.2015 no que reitera a petición inicial e manifesta que se segue traballando. Por tanto, segundo o sinalado no informe da Policía Local, cómpre proceder segundo o artigo 209 da LOUGA:

Artigo 209. Obras sen licencia en curso de execución.

1. Cando se estivesen executando obras sen licencia ou orde de execución ou sen axustarse ás condicións sinaladas nelas, o alcalde dispoñerá a suspensión inmediata dos devanditos actos e procederá a incoa-lo expediente de reposición da legalidade, comunicándollo ó interesado.

2. Co acordo de suspensión adoptaranse as medidas cautelares necesarias para garanti-la total interrupción da actividade. Para estes efectos o alcalde poderá:

a) Ordena-la retirada dos materiais preparados para ser utilizados na obra ou actividade suspendida e a maquinaria afecta a ela.

b) Ordena-lo precintado das obras, instalacións e elementos auxiliares das actividades obxecto de suspensión.

c) Ordena-la suspensión de subministracións de auga, electricidade, gas e telecomunicacións das actividades e obras das que se ordenase a paralización.

d) Proceder á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas por importe de 600 a 6.000 euros, reiterables ata logra-lo cumprimento da orde de paralización.

e) Adoptar calquera outra medida que sexa conveniente a prol da efectividade da suspensión.

3. Instruído o expediente de reposición da legalidade e logo da audiencia do interesado, adoptaranse algún dos seguintes acordos:

a) Se as obras non fosen legalizables por seren incompatibles co ordenamento urbanístico, acordarase a súa demolición a custa do interesado e procederase a impedir definitivamente os usos ós que desen lugar ou, se é o caso, á reconstrucción do indebidamente demolido.

b) Se as obras fosen legalizables por seren compatibles co ordenamento urbanístico, requirirase o interesado para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licencia, manténdose a suspensión das obras en tanto esta non sexa outorgada.

c) Se as obras non se axustan ás condicións sinaladas na licencia ou orde de execución, ordenaráselle ó interesado que as axuste no prazo de tres meses, prorrogables por outros tres por petición do interesado, sempre que a complexidade técnica ou envergadura das obras que haxa que realizar faga inviable a súa acomodación ás previsións da licencia no prazo previsto.

4. O procedemento ó que se refire o número anterior deberá resolverse no prazo dun ano contado desde a data do acordo de iniciación.

5. Se transcorrido o prazo de tres meses desde o requirimento o interesado non solicitase a oportuna licencia ou, se é o caso, non axustase as obras ás condicións sinaladas nela ou na orde de execución, o alcalde acordará a demolición das obras a custa do interesado e procederá a impedir definitivamente os usos ós que desen lugar. Procederase de igual modo no suposto de que a licencia fose denegada por se-lo seu outorgamento contrario á legalidade.

6. No caso de incumprimento da orde de demolición, a Administración municipal procederá á execución subsidiaria dela ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables mensualmente ata logra-la execución polo suxeito obrigado, en contía de 1.000 a 10.000 euros cada unha.

7. O disposto nos números anteriores entenderase sen prexuízo da imposición das sancións que procedan e das facultades que lles correspondan ás autoridades competentes, en virtude do réxime específico de autorización ou concesión ó que estean sometidos determinados actos de edificación e uso do solo.

2.1 Neste caso, posto que o promotor aportou proxecto técnico de obra maior e solicitude de licenza (r.e. 3279 de 15.XUL.2015), e unha vez notificado (r.s. 1142 do 07.XUL.2015) enténdese que procede pronunciarse sobre se as obras son ou non legalizables.

3. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 17.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este praza e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.

4. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 195.2 LOUGA:

INFORME TÉCNICO:

5. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como Solo rústico. Canto ao planeamento aprobado inicialmente, e que se relaciona no punto 17.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a , está clasificado como solo de núcleo rural histórico- tradicional.

6. Coa normativa vixente, a vivenda na que se pretenden as actuacións está sometida ao réxime de fóra de ordenación, e por tanto sometida ao artigo 103 da LOUGA:

Artigo 103. Edificios fóra de ordenación.

1. Os edificios e instalacións erixidos con anterioridade á aprobación definitiva do planeamento urbanístico que resultasen desconformes con este quedarán sometidos ó réxime de fóra de ordenación.

2. Nas construcións e edificacións que queden en situación de fóra de ordenación por total incompatibilidade coas determinacións do novo planeamento só se poderán autorizar obras de mera conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente. Agás que no planeamento se dispoña xustificadamente o contrario, en ningún caso se entenderán incluídas na situación prevista nesta alínea as edificacións ou instalacións en solo rústico que obtivesen legalmente a preceptiva licenza urbanística e que se executasen de conformidade con esta.

3. Nas construcións só parcialmente incompatibles co novo planeamento poderanse autorizarse, así mesmo, obras parciais e circunstanciais de consolidación, así como as de mellora, reforma e, en casos xustificadas, de ampliación da superficie construída que se determinen no plan xeral respectivo.

6.1 Este arquitecto entende que a situación de fóra de ordenación total á que está sometida a edificación existente non permite as actuacións que se solicitan, que non son obras de mantemento ou conservación dos usos existentes, salvo mellor criterio. Porén, serán autorizables sempre e cando se tramite autorización autonómica segundo o establecido nos artigos 40 e tramitadas segundo o artigo 41 da LOUGA.

7. O proxecto presentado non contradí os parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito.

Parámetro	Proxectado	Esixido Plan Xeral/ LOUGA	Plan Xeral 2012	Cumpre
Superficie mínima de parcela		3.000	3.000	Si
Altura de cornixa	5,47 m	7,00 m	7,00	Si
Ocupación máxima	6 %	20 %	20 %	Si (art. 40)
Superficie ocupada en planta	115,98 m ²			Si
Número máximo de plantas	B+1	B+1	B+1	Si
Recuamento a lindeiros	> 5 m	5 m	5 m	Si
Separación a vía pública	> 5 m	4 m	4 m	Si
Acceso rodado	Si	Si	Si	Si

8. O proxecto presentado non xustifica o cumprimento da normativa vixente en materia de Accesibilidade de Galicia, segundo se recolle na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

9. O proxecto presentado xustifica o cumprimento do establecido no Documento Básico Seguridade en caso de Incendios, DB-SI, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

10. O proxecto presentado non xustifica o cumprimento ao establecido no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia, facendo neste caso referencia a normativa derogada (Decreto 311/1992).

11. Non consta na documentación a certificación de eficiencia enerxética debidamente rexistrada (R.D. 253/2013, artigos 5, 8 e concordantes do D. 42/2009 e concordantes). O certificado de eficiencia enerxética do edificio rematado, debidamente rexistrado, deberá formar parte do proxecto de execución e será obrigatoriamente anexado á documentación necesaria para a solicitude de licenza de primeira ocupación.

12. O proxecto presentado non xustifica o tratamento de augas residuais, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto. Porén, non aporta autorización de Augas de Galicia.

13. O proxecto presentado non xustifica o abastecemento de auga, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto. Porén, non aporta autorización de Augas de Galicia.

14. Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, sería preciso ter, con carácter previo á concesión de licenza municipal e previos os trámites oportunos, as autorizacións previas dos seguintes organismos:

14.1 Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a fin de que que se proceda a emitir autorización autonómica, se procede.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se **INFORMA FAVORABLEMENTE** a solicitude, e proponse para dar traslado ao organismo citado no punto 14 deste informe, a fin de que se emita, se procede, autorización autonómica ao abeiro dos artigos 40 e 41 da LOUGA, autorización que determinará por si mesma se as obras son legalizables ou non.

Por outra parte, unha vez obtida esta autorización, no seu caso, deberá emprazarse ao promotor para que aporte a documentación sinalada nos puntos 8, 10, 11, 12 e 13 deste informe.

O que se informa desde o punto de vista técnico ao leal saber e entender do arquitecto que subscribe, sen prexuízo doutro criterio mellor fundamentado, en Silleda, a 25 de agosto de 2015.

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA**

INFORMAR FAVORABLEMENTE a solicitude de licenza presentada por J.C.L.S., para a Instalación de ventanas e remate de acabados interiores dunha vivenda unifamiliar existente no lugar de Paradela nº 34, Martixe, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, e previo pago do ICIO e taxas municipais.

7.5 .- Construción temporal de almacén agrícola no lugar de Monte dos Olmos, s/nº. Silleda

Vista a solicitude de licenza, presentada por J.I.T., Rexistro de Entrada nº 5481 de data 2 de outubro de 2015, para Construción temporal de almacén agrícola no lugar de Monte dos Olmos, s/nº. Silleda.

Visto o informe emitido o 11 de novembro de 2015 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

Solicitante: **J.I.T.**

Data de rexistro: **02.OUT.2015**

Nº: **5481**

Data escrito: **OUT.2015**

Solicitude: **Construción temporal de almacén agrícola**

Tipo de Solicitude: **Obra Maior**

Emprazamento: **Monte dos Olmos, s/nº. Silleda**

Referencia catastral: **36052H50705350**

Superficie Catastro: **5.100 m²**

Autor do Proxecto: **Luis Llorente Taboada, arquitecto técnico**

Exposición pública:

BOP

DOGA

Prensa

Orzamento (P.E.M.): **4.293,32 €**

P.E.M. segundo Mbc ano 2010: **€**

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

ANTECEDENTES:

1. Amósaseme para a redacción de informe técnico a solicitude de licenza asinada por Jesús Iglesias Troitiño, presentada con R.E. 5481 de 02.OUT.2015. Aporta de esbozos acoutados e xustificante de pago de taxas municipais.

2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 16.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.

3. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 195.2 LOUGA:

INFORME TÉCNICO:

4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como Solo rústico. Canto ao planeamento aprobado inicialmente, e que se relaciona no punto 16.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a , está clasificado como solo de núcleo rural común. A parcela da fronte á estrada autonómica PO-201 e á estrada provincial EP6507. Porén, a edificación plantéxase a máis de 37 e 45 metros, respectivamente.

5. O uso solicitado encadra dentro do artigo 33.2.a) da LOUGA e sería autorizable por licenza municipal directa segundo o artigo 36, salvo mellor criterio dos servizos xurídicos do Concello.

6. Cumprimento dos artigos 42, 44, 104 e 106 da LOLUPMRG:

Artigo 42. Condicións xerais das edificacións no solo rústico.	CUMPRE
1. Para outorgar licenza ou autorizar calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico deberá xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:	
a) Garanti-lo acceso rodado público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación eo tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, de ser o caso, a previsión de aparcadoiros suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na	SI

capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes. Estas solucións deberán ser asumidas como custo a cargo exclusivo do promotor ou da promotora da actividade, formulando expresamente o correspondente compromiso en tal sentido e achegando as garantías esixidas para o efecto pola administración na forma que regulamentariamente se determine.	
b) Preve-las medidas correctoras necesarias para minimiza-la incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e do medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.	SI
c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:	
— A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá do 20 % da superficie do predio. Non entanto, as edificacións destinadas a explotacións gandeiras, os establecementos de acuicultura e as infraestruturas de tratamento ou depuración de augas poderán ocupar ata o 60% da superficie da parcela, e a ampliación dos cemiterios a totalidade da súa superficie. Excepcionalmente, os instrumentos establecidos pola Lei 10/1995, de ordenación do territorio de Galicia, poderán permitir unha ocupación superior para estas actividades, sempre que se manteña o estado natural, cando menos, nun terzo da superficie da parcela.	SI
— O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións existentes no solo rústico do contorno. No caso de que resulte imprescindible superalo por esixencias do uso ou da actividade autorizable, procurarase descompoñer en dous ou máis volumes conectados entre si co fin de adaptar as volumetrías ás tipoloxías propias do medio rural. En todo caso, deberanse adoptar as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.	SI
— As características tipolóxicas da edificación deberán ser congruentes coas tipoloxías do contorno, en particular, as condicións de volumetría, tratamento de fachadas, morfoloxía e tamaño dos ocós, e das solucións de cuberta, que, en todo caso, estarán formadas por planos continuos sen crebas nas súas vertentes.	SI
— Nos solos rústicos de protección ordinaria, agropecuaria, forestal ou de infraestruturas, a altura máxima das edificacións non poderá superar as dúas plantas nin os 7 metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arrinque inferior da vertente de cuberta. Excepcionalmente, poderá superar os 7 metros de altura cando as características específicas da actividade, debidamente xustificadas, fixeran imprescindible superalos nalgún dos seus puntos. Nos demais solos rústicos protexidos, as edificacións non poderán superar unha planta de altura nin 3,50 metros medidos de igual forma agás nos casos debidamente xustificadas de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas. Poderán igualmente exceptuarse aquelas instalacións propias de usos agrícolas, acuícolas ou gandeiros que necesiten alturas excepcionais, logo do informe, en todo caso, da consellaría competente na materia.(Texto engadido pola Lei 2/2010).	SI
— As características estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións do contorno. En tal sentido, para o acabado das edificacións empregárase a pedra ou outros materiais tradicionais e propios da zona. En casos xustificadas pola calidade arquitectónica da edificación, poderán empregarse outros materiais acordes cos valores naturais, coa paisaxe rural e coas edificacións tradicionais do contorno.	SI
— Os cerramentos e valados serán preferentemente vexetais, sen que os realizados con material opaco de fábrica excedan a altura de 1 metro, agás en parcelas edificadas, onde poderán alcanzar 1,50 metros. En todo caso, débense realizar con materiais tradicionais do medio rural no que se localicen, e non se permitirá o emprego de bloques de formigón ou outros materiais de fábrica, agás que sexan debidamente revestidos e pintados na forma que regulamentariamente se determine.	SI
d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación:	
A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será a establecida en cada caso por esta lei, sen que para tal efecto sexa admisible a adscrición doutras parcelas.	
Os edificios situaranse dentro da parcela, adaptándose no posible ó terreo e ó lugar máis apropiado para conseguirla maior redución do impacto visual e a menor alteración da topografía do terreo.	SI

Os recuamentos das construcións ós lindes da parcela deberán garanti-la condición de illamento e, en ningún caso, poderán ser inferiores a 5 metros.	SI
As condicións de abancalamiento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.	n/d
Manterase o estado natural dos terreos, ou, se é o caso, o uso agrario deles ou con plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.	SI
e) Farase constar obrigatoriamente no rexistro da propiedade a vinculación da total superficie real do predio á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ó uso e edificabilidade impostas pola autorización autonómica.	A XUSTIFICAR
f) En todo caso, o prazo para o inicio das obras será de seis meses contado desde o outorgamento da licenza municipal correspondente, debendo concluírse as obras no prazo máximo de tres anos, contando desde o outorgamento da licenza.	
g) Transcorridos os devanditos prazos, entenderase caducada a licenza municipal e a autorización autonómica, logo do expediente tramitado con audiencia do interesado, e será de aplicación o disposto no artigo 203 desta lei.	
2. Ás obras de derrubamento e demolición que se pretendan realizar en solo rústico seralles de aplicación o disposto no artigo 26 desta lei.	Non procede
Artigo 44. Condicións adicionais para outras actividades constructivas non-residenciais.	CUMPRE
1. As construcións en solo rústico distintas das sinaladas no artigo anterior, ademais das condicións xerais especificadas no artigo 42 desta lei, cumpriran as seguintes:	
a) A superficie da parcela na que se sitúe a edificación non será inferior a 3.000 metros cadrados, agás nos supostos previstos no artigo 33º.2, letras f) e j), desta lei e no tocante á ampliación de cemiterios e instalacións de tratamento e depuración de augas.	SI
b) Deberá xustificarse cumpridamente a idoneidade da localización elixida e a imposibilidade ou inconveniencia de situalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 33º.2, letras a), b) c), d) e f).	33.2.b
2. Excepcionalmente, poderá outorgarse licenza, sen necesidade de autorización autonómica previa, para a execución de pequenas construcións e instalacións ao servizo e funcionamento das infraestruturas e obras públicas, sempre que quede xustificada a construción ou instalación coa natureza, extensión e destino actual do predio no que se localicen e non se superen os 50 metros cadrados de superficie total edificada nin a altura máxima dunha planta nin 3,50 metros. En todo caso, a tipoloxía da edificación e os materiais de construción serán os determinados no artigo 42º desta lei.	Non procede
Igualmente, poderá permitirse, sen suxeición ao disposto polos artigos 42 e 44 desta lei, a instalación de invernadoiros con destino exclusivo ao uso agrario que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables.	Non procede
Este réxime excepcional só será de aplicación no ámbito do solo rústico de protección ordinaria e de especial protección agropecuaria, forestal ou de infraestruturas.	
3. As obras de simple conservación e as obras menores ás que fai referencia o artigo 195.3 desta lei non precisarán autorización autonómica con anterioridade á obtención da preceptiva licenza urbanística municipal.	Non procede
4. As novas explotacións gandeiras sen base territorial non poderán situarse a unha distancia inferior a 1.000 metros dos asentamentos de poboación ea 250 metros da vivenda máis próxima. Cando se trate de novas explotacións con base territorial, a distancia mínima aos asentamentos de poboación e á vivenda máis próxima será de 100 metros.	SI

O planeamento urbanístico ou os instrumentos de ordenación do territorio poderán reducir ou aumentar estas distancias dentro do seu ámbito territorial de aplicación, respectando en todo caso o establecido pola lexislación sectorial que sexa de aplicación.

Título III- Normas de aplicación directa	
Capítulo I- Disposicións xerais	
Artigo 104. Adaptación ó ambiente.	CUMPRE

As construcións e instalacións deberán adaptarse ó ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos ou que formen parte dun grupo de edificios de carácter artístico, histórico, típico ou tradicional deberán harmonizar con el. Igualmente cando, sen existir un conxunto de edificios, houberse algún de grande importancia ou calidade dos caracteres indicados.	Non procede
b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, sexa rural ou marítima, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico-artísticas, típicos ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contempla-las belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.	Non procede
c) A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.	SI
d) Queda prohibida a publicidade estática que, polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.	SI
e) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.	SI
f) Nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como inundación, afundimento, incendio, contaminación, explosión ou outros análogos, non se permitirá ningunha construción, instalación ou calquera outro uso do solo que resulte susceptible de padecer estes riscos.	Non procede

Artigo 106. Protección das vías de circulación.

1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes, en zonas non consolidadas pola edificación, terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte, agás que o instrumento de ordenación estableza unha distancia superior.	N/d
---	-----

En todo caso, deberá cumprirse o disposto pola lexislación sectorial de aplicación.

2. Non se poderán realizar obras de construción de novas vías de circulación de vehículos automóbiles que non estean previstas nos plans xerais ou noutros instrumentos de planeamento urbanístico ou de ordenación do territorio, sen prexuízo do disposto na lexislación sectorial de aplicación.	Non procede
---	-------------

7. O proxecto presentado non contradí os parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito.

Parámetro	Proxectado	Esixido Plan Xeral/ LOUGA	Plan Xeral 2012	Cumpre
Superficie mínima de parcela	5.100	3000	3000	Si
Altura de cornixa	< 7,00 m	7,00 m	7,00	Si
Ocupación máxima	< 10 %	20 %	20 %	Si
Superficie ocupada en planta	512,5			
Número máximo de plantas	B	B+1	B+1	Si
Recuamento a lindeiros	>5 m	5 m	5 m	Si
Separación a vía pública	>4 m	4 m	4 m	Si
Acceso rodado	Si	Si	Si	Si

8. O proxecto presentado xustifica o cumprimento da normativa vixente en materia de Accesibilidade de Galicia, segundo se recolle na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

9. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica.

10. Instalación de guindastres- torre. Para a solicitude de autorización de instalación de guindastres- torre e similares, deberase aportar a seguinte documentación:

10.1 Memoria descritiva da instalación e planos de situación e emprazamento acoutados a escala suficiente para comprobar a situación real dos elementos da instalación e o estado da vía pública. Inclúese informe das condicións portantes do terreo baixo a grúa asinado polo técnico director da obra.

10.2 Xustificante da existencia de seguro de responsabilidade civil por parte da empresa instaladora que cubra o risco correspondente (fotocopia póliza de risco).

10.3 Certificado de homologación (ou no seu caso fabricación) ou inspección técnica do guindastre.

10.4 Certificados de montaxe do guindastre que se pronuncie sobre, polo menos, estes aspectos:

Datos da obra e instalación: situación (rúa/ lugar, número e poboación e referencia catastral da parcela), propietario do guindastre, (nome, DNI/NIF e nome e DNI do Xefe de Obra).

Característica do guindastre- torre: marca, tipo, ano de fabricación e número de fabricación.

Certificación do director dos traballos de montaxe e instalación, de que o guindastre- torre cumpre coas disposicións legais vixentes que lle son de aplicación.

Certificado do director dos traballos de montaxe e instalación do correcto funcionamento do guindastre e dos seus dispositivos de seguridade.

11. Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, non se observa, salvo erro ou omisión involuntarios, a necesidade de solicitar informes sectoriais ou autorización autonómica ao abeiro do establecido no artigo 41 da mesma para esta solicitude.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se **INFORMA FAVORABLEMENTE** a solicitude, e proponse para a concesión de licenza municipal de obra, con arreglo ás limitacións deste informe técnico.

O que se informa desde o punto de vista técnico ao leal saber e entender do arquitecto que subscribe, sen prexuízo doutro criterio mellor fundamentado, en Silleda, a 11 de novembro de 2015

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes,

ACORDA

- **CONCEDER LICENZA DE OBRAS** a J.I.T., para construción temporal de almacén agrícola no lugar de Monte dos Olmos, s/nº. Silleda, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, e previo pago do ICIO e taxas municipais.

8 .- Adxudicación do Proxecto de Mellora da eficiencia enerxética na Rúa Ramón de Valenzuela en A Bandeira (Silleda), financiado pola Deputación.

ANTECEDENTES: No Xunta de Goberno de 20 de Outubro 2015, adoptouse o acordo de :

*Informados do acordo entre Deputación de Pontevedra e o Concello de Silleda para a execución do investimento denominado **Mellora da eficiencia enerxética na Rúa Ramón de Valenzuela en A Bandeira (Silleda)**, aplicando o remanente da obra que quedou sen adxudicar ao abeiro do plan de investimentos da Deputación de Pontevedra no ano 2012,(PID/2012) denominada Instalación de elevador na casa de cultura de Silleda,*

Se acorda:

- 1.- Realizar o investimento denominado Mellora da eficiencia enerxética na Rúa Ramón de Valenzuela en Bandeira (Silleda)*
- 2.- Aprobar o proxecto denominado Mellora da eficiencia enerxética na Rúa Ramón de Valenzuela en A Bandeira (Silleda)*
- 3.- Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de **31.182,80 €** con cargo ao referido convenio.*
- 4.- Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 0 euros. O órgano que adopta este acordo é o competente para comprometer esta achega.*
- 5.- Existe dispoñibilidade dos terreos precisos para a normal execución das obras, así como as licenzas, autorizacións e concesións administrativas necesarias para levalas a cabo.*

CONCEDIDA a subvención pola Deputación, procedeuse a invitar a tres empresas a que presentaran as súas ofertas, co resultado que segue:

ABRENTE ENERXÍA S.L. (30.682,95 €)

GALEGA DE TECNICAS E INVESTIMENTOS E.L.(30.870,98 €)

e ELECTRICIDAD IN.M.A.C. CONDADO S.L.(31.182,81 €)

Considerando que a mais ventaxosa é a formulada por ABRENTE ENERXÍA S.L. , por importe de **30.682,95 €**.

Por elo a Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

RESOLVE

- **ADXUDICAR** o contrato de menor cuantía das obras de **“Mellora da eficiencia enerxética na Rúa Ramón de Valenzuela en A Bandeira (Silleda)**, a empresa **ABRENTE ENERXÍA S.L.**, por importe de TRINTA MIL SEISCENTOS OITENTA E DOUS CON NOVENTA E CINCO **(30.682,95 €)**.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión as trece e trinta horas, estendéndose a presente acta, do que dou fe e certifico, na miña condición de fedatario público.

Silleda, a 17 de Novembro de 2015

O SECRETARIO

Asdo. Manuel Quintáns Queiruga